

1. De Bergondo ou de Colón

Caera a noite de súpeto, sen darme tempo a aprontarme e crear mecanismos de defensa. Mais, sendo primavera como era, non importou. Non estaba o ar tépedo nin frío e, por tal, non existía. Era a verdade que xamais me importara un átimo a temperatura do ar. Nin o ar mesmo, que servía apenas para respirar. Debía ser como a auga, a electricidade ou a rede, que me chegaron a ser tan consubstanciais que as valoraba en verdade, e intensamente, até a histeria mesma, só cando faltaban.

O ar sería igual, mais nin sequera o valoraba así, xa que nunca me faltara. O día en que pasase sería o final... O final. Mais agora, primavera, parecía todo de novo o principio. Como cada ano desde que teño memoria, de cando era moi pequena. O principio, tan gozoso que prohibe entrever un final. O principio. Ao principio é o ar.

De Colón nunca me interesara o máis mínimo a persoa nin menos aínda o seu lugar de nacemento. Que importancia podería ter? Por iso cando BB o catedrático, isto é, cando Beltrán Bergondo mo propuxo –practicamente me ordenou a investigación– o meu primeiro pulo, non abertamente expresado, foi negarme. Iso debeu impellelo a explicar.

—Acaba de chegarme información sobre a tese ou conexión número *ene*, a corsa. Desde o punto de vista lingüístico presenta certos indicios de realidade. Non che gustaría ir a Córsega?

Sabía explotar vilmente a inxenuidade miña, que sen dúbida translucía a miña cariña inocente.

Bergondo era ben coñecido polas súas veleidades políticas, conexións e vincallos demasiado descarados que o ligaban a tratos continuos que logo o seu partido desfecía coa velocidade do relustro de verán en canto lle conviña, e o proveito do partido coincidía sistematicamente coa conveniencia de BB.

Mais, grazas a aquela militancia nunca ocultada, Beltrán embarcárase en proxectos científicos desorbitados: unha absurda *máquina do tempo* que consumira moitos millóns mentres estaba o seu partido no poder na capital da monarquía, unha recreación virtual da Pontevedra medieval que incluíría persoas que falasen e mesmo conversarían, extraídas das actas notariais e do *Livro do Conçello*, e unha lista de galegos asasinados en xullo-agosto de 1936, baixo o pre-requisito de ningún deles ficar aínda vivo.

—Loreta: se aceptas viaxarás sen cesar. Non só Córsega: o mar Exeo, Portugal, se cadra Viena. Sevilla, quen sabe?, as illas dos caribes talvez. Gastos pagos. Limitadamente, claro, en diñeiro e en tempo, que a universidade non dá para todo.

Pensei no rato apiollado que era o reitor. Claro que non daría. Á volta acabaría renegando eu de todo, xa o sabía desde agora mesmo. Mais a oferta era tentadora de máis para negarme, e el, sabéndoo, acrecentaba. Cruce entre rato e un piollo pato.

—Eu son vello de máis, Loreta, para seguir a rolos por aí, aeroportos internacionais, buses e todo iso. En canto digas si, teu é o proxecto. E a gloria conseguinte, se é que algunha resulta.

2. A gloria

Durante as semanas seguintes o señor Bergondo foime transferindo –sempre copias, nunca orixinais– a información que viñera recadando durante dez anos ou quince. Eran textos en idiomas diversos que non sempre podía ler, mais fundamentalmente en español, francés, inglés, con algúns máis en galego e italiano. Os últimos, facíase evidente, eran os que menos interesaban ao Beltrán.

Tamén a min seguía sen atraerme o máis mínimo o obxecto da investigación. Que podía importar o lugar en que Cristovo Col[1]on/m[bo] nacera? De haber algo transcendente en todo aquilo sería o que ese señor fixo, como, contra quen ou por conta de que, con que obxecto. Mais o lugar do nacemento...

Evidentemente, aínda que don Beltrán nunca fose confesalo, o fundamento esencial do proxecto debía de ser o asentar a vella teoría do Colón galego, desta vez para sempre e baixo o selo oficial dunha universidade prestixiosa, a nosa. Con todo, tal demostración aínda non entrara nas miñas instrucións, mais tornábase evidente que había outro xeito de chegar á certeza: descubrir todos os puntos concluintemente absurdos das demais hipóteses existentes, por máis que eran estas numerosas.

En aceptando o proxecto, a gloria toda, de habela, sería miña, dixerá o catedrático. En momento ningún llo crin, nin sequera no instante en que aceptei, pois o «*si*» non foi precipitado: os meus

«sis» nunca o son. O moi renarte do Beltrán Bergondo, vello castrón, mencionaría o meu nome de pasada, reorganizaría todos os datos válidos que eu puider compilar, e as conclusións definitivas serían todas súas. Todas. Iso só no caso de haber algo que concluír por chegarmos a algunha saída con valor. No contrario, si: daquela toda a gloria para min.

Desde o primeiro instante souben que sería así. Mais logo, a dar voltas e máis viravoltas ás moreas de fotocopias encadernadas, que cada día van medrando como se fosen maleza en primavera, a cada ollada facíaseme máis diáfano que de alí nunca habería de saír nada, que a maraña xa fora suficientemente enguedellada varios séculos antes, e a mestura e comparación de teorías luz ningunha poderán dar, moito mellor todo o contrario: unha maraña aínda moito máis grande.

E todo iso era así porque, de haber unha información válida e legal nalgunha daquelas teses de número crecente —e tal base certa debería contela unha soa das innúmeras—, ficaría diluída, esborrallada, esvaecida, definitivamente oculta polo conxunto de gratuítas teorías paralelas.

E todo iso, logo, a onde conducía? Unicamente a que eu gozase cunhas cantas prometedoras viaxes de balde.

3. Porto Santo de Poio

Canto máis leo máis me atrapallo, e convénzome de que nada bo, claro ou nítido pode saír disto. A conclusión inicial, enteiramente miña, non é só miña, que é o punto único en que coinciden todas as hipóteses mutuamente excluíntes.

Tanto os que din que o señor Colon(bo) foi grego, como xudeu, corso, haitiano, catalán, mexicano, brasileiro ou ganimediano, concordan todos no mesmo punto: o vello non quixo confesar de onde viña nin onde nacera. Deixou todo moi escuro e, tamén niso coinciden os máis, foi á mantenta, de todo deliberado. Algo tiña que ocultar, logo. Aí concordamos todos, si, e debe ser no único punto onde eles o fan.

Que cabrón debeu ser o vello! Ou non tanto, que grazas a el teño o proxecto e á conta das súas trolas é que vou viaxar. As conclusións... Deus dirá. Vello máis revirado que o Beltrán profesor Bergondo non sería. Mais os papeis e fotocopias afóganme de máis, que xa non son capaz de seguir a coordinar os meus apuntamentos para deslindar a verdade aproveitábel do restoballo. Tempo se fixo, xa que logo, de comezar as visitas.

Do Porto Santo en Poio, á vista da boa vila asollada e aromática de Pontevedra, non é moito o que podo tirar polo momento. Os indicadores da estrada rezan «Casa de Colón», con todo o fociño, en morado, a cor para o patrimonio histórico e artístico. Atopo unhas pedras desmontadas que, en refacendo o crebacabezas, darían unha

casa que sen repugnancia caberá datarmos no XV, como queren. Igual que aqueles xogos de «arquitectura» dos anos cincuenta que dí meu pai que tivo, feitos con tacos de madeira pintados, de perfís triangulares, cubos e cilindros cos que chegara el a facer tempos clásicos e outras...

Mais no Porto Santo só hai unha morea de pedras ben talladas. Unha vella señora que se declara Isaura, a pel da face aínda non engrurada, contoume que alí mesmo houbera un cruceiro:

–O cruceiro de Colón, nenina, o de Colón, si. Un camión levouno por diante. Agora está acolá, que volveron poñelo onde non estorba.

De volta á base atopeino nos apuntamentos que Bergondo seguía a transferir sen me dar tregua. Efectivamente fora un camión. Pero había máis: o tal cruceiro tivera unha inscrición onde algúns lían o apelido de Colón. Iso para os meus propósitos significaría ben pouco, salvo que había un misterio: unha noite, man furtiva riscara a buril as súas letras.

Con todo, a misteriosa operación non tivo nada que ver co camión que a rematou, porque debeu acontecer por 1920, se non antes. Quen puido interesarse en eliminar aquelas «probas»?

A breve viaxe a Pontevedra ou, máis precisamente, ao Poio estremeiro, valeume de moi pouco no avance da inútil pescuda, mais moito para probarme que Bergondo obraba con eficacia á hora de eu cobrar puntualmente as dietas.

Ou sexa, que podía ir máis alá.

4. Almirantado

Unha das frases de CC que máis absorbe aos que de desenmarañar os seus enigmas se ocupan:

—Na miña familia non son o primeiro almirante.

Ten prosma. Se todos –agás os xenoveses– concordan por enteiro en que o don Cristovo ocultaba cousas, moita cousa, se concordan mesmo en que mentía máis do que respiraba, por que ía dicir verdade en canto ao almirantado? O coitadiño viuse almirante feito da noite á mañá, e para incharse, para se xustificar na responsabilidade en que se vía ou, máis simple aínda, debido a que bebera, declara unha inexistente familia almiranteira.

A cousa aínda máis grave é, que, segundo me contou o meu amigo Manoel Riveiro Loureiro, nos séculos XIII a XV almirante do reino de acó só había un de cada vez, e o Manoel de barcos sabe bastante, que antes de emigrar ao Uruguai andou *ao día*, logo ao *Gran Sol*, e despois embarcou na mariña mercante. Daquela aínda non escribía. Reino de Acó?

—A historia convencional, interesada, oficial chámao reino de Castela. O nome real varía por épocas, que co tempo vai medrando, mais non baixaba de ser o reino de León, Castela, Galiza, Asturias, Toledo, Murcia, Sevilla, Córdoba, os Algarves e os etcéteras.

Un só almirante, único xefe supremo da forza naval. A forza no nabo... Xa que logo, se noutros reinos adxudicaban o cargo do mesmo xeito, o Colón non daba moita alternativa para identificar o seu parente.

Todos, absolutamente todos menos eles propios, coinciden en fustrigar os xenoveses polo inverosímil da familia que lle inventaron ao Cristovo. O avó tecelán, o pai curtidor ou cousa tal, e el nesos mesmos labores até os vinte e tres anos. Fóra os xenoveses, ninguén cre que ese mesmo Cristoforino apareza nos 1470 pilotando naos no Atlántico con habelencia de mareante experimentadísimo. Familia de almirantes...

Curioso: a maioría das orixes alternativas á xenovesa son mediterránicas, agás a galega, as portuguesas, algunhas meseteiras e nórdicas de fe imposible. E así a todo, ninguén conferiu especial importancia ás diferenzas entre marear un xigántico Atlántico descoñecido e o *Mare Nostrum*. Importaría? Afaciáanse. Vespucci, os Caboto, eran itálicos e navegaron ás Amér... ás Indias. Claro que tampouco nada diso goza de seguridade concluínte. Entre a documentación que revisei superficialmente e a que aínda teño por ordenar e procesar coído que lin que todos eses eran cataláns, que unha conspiración españolesa montada pola Inquisición ocultara a súa verdadeira nacionalidade durante todo este tempo. Outros sitios, máis dun, aseguran que Vespucci era un *trepá* que xamais navegara, que para medrar aproveitou a caída en desgraza de Colón, e que a trepada lle saíu tan ben como para roubar o nome do continente. Finalmente, algún papel máis nega que o nome de América proveña de Amèrigo Vespucci, resultando máis ben palabra autóctona amerindia:

Nada é real, nada é seguro,
en ningún lugar me acougará o ánimo,
en ningures a ánima coñecerá o sosego,
nunca darei co descanso.

Calmamente teño que revisar o libro que contén a tese do Colón xudeu. Levareino no avión, que o Bergondo xa me autorizou a financiación dunha breve viaxe. Dese libro o máis excitante parece o autor, Simon Wiesenthal: o cazador implacábel de nazis desde o seu despacho de Viena, o que criticaba abertamente a política do Estado de Israel, que pode el ter para me dicir sobre don Cristovíño?

5. Xénova

Xénova. Sol mediterránico, moi parecido ao de Lisboa. Fachendean da antigüidade do seu faro, a *Lanterna*, que din ser do XII. Se llelo sente un da Coruña nada dirá, que a de *Hércules* modernizárona de máis no XVIII. Mais o seu mérito é maior, e ten lápida que demostra o ano do seu acabamento. Estou vendo o bo, aberto, expresivo amigo Pepe Devesa:

—Século III, compañeira! O arquitecto ten nome, que é lusitano de nación: Caius Sevius Lupus. Quen ofrece máis?

Pepe Devesa é medio galego, medio uruguaio que, segundo o tempo pasa, cada ano demora máis en Montevideo e Tacuarembó e menos na Coruña dos amores seus, que ten divididos ...por que non? Seica é imposíbel? Nunca mo dixo, mais eu penso que está un pouco desesperanzado das súas ideas políticas e culturais de outrora e, sinceramente, non me sorprende. O amor desmedido e completamente entregado á lingua gratifica tan pouco, isto é, os coruñeses do centro e do ensanche e moitos vigueses chegan a facer sentirse tan estraño, estranxeiro no seu propio berce... Agora ocúpase o Pepe nas xenealoxías, sobre todo en beneficio dos galegos riopratenses, e as poucas veces que lle sentín falar español facíao con acento de alí, si, mais non porteño, non bonaerense.

Do vello porto de Xénova fixeron un espectáculo e centro cultural. Presta ben. Deprenderá algún alcalde do meu país?

Atracado hai un de tres mastros, atracadísimo, que do cemento non o moven. Un galeón xa no medio camiño da evolución cara ao vaixel de liña, tal di o meu señor Miguel Castelo, que estivo tamén á mercante e como Manuel Antonio navegou as Américas, antes de converterse en director de cinema moi fino e selectivo... Galeón puro son será, mais o careto finxeo ben, e de vello nada ten, que o fixeran para o filme de piratas de Polanski.

Preto de alí está un palazzo medieval, dito de San Giorgio, que insinúan ser o cárcere onde Marco Polo ditara a Rusticiano ou Rustichello de Pisa o seu libro de viaxes, *Il Milione*. El sería analfabeto, e os xenoveses implacábeis na súa guerra dos mil anos con Venecia. Mil? Ben, se estamos con italianos eu tamén podó esaxerar.

Mais nin é o palazzo-cárcere nin foi o vaixel o que viña visitar. Nin as preciosas librarías de Mondadori, de Feltrinelli, di Stefano, a da piazza Fontana Marose nin a tabacaría Corsànego. Veremos de que máis presumen.

Ao pé da porta medieval chamada Soprana está a «casa de Colombo». Os indicadores oficiais máis discretos poñen «casa dita de...», pero son os menos frecuentes. A construción é un pastiche de pedra e ladrillo que non dá ben a catadura de século XV, a que terá a do Portosanto o día en que decidan montala de novo. Mais a xenovesa ten un problema: está ela soíña, sen nada en derredor, coa porta medieval ás costas. Isto é, que a construíron fóra da muralla e, se cremos as edificacións actuais, ao aberto, só cun delicioso e diminuto claustro entre ela e a porta fortificada. O recinto dos muros de Xénova era grande, como aínda evidencia calquera plano actual que marque as súas cinco aberturas, a porta dei Vacca –antes Sottana– no porto lonxe da Soprana, a Aurea, Sant’Agnese e San Germano, sen contar a máis moderna *del Molo* ou Siberia. Ían eses Colombo vivir extra-muros?

Debía aparentar embobada a ollar para a soberana ruína, que un homiño pequeno, vestido coa exhibicionista soltura que só certos italianos poden desprezar, dirixiuse a min.

—Casa de Cristoforo Colombo, *bella signorina!* Que lle parece?

—Ben... –titubeei un pouco, mais axiña caín na conta: debía aproveitar a ocasión— Ben. E mais, de verdade é tan antiga?

—Iso din, *signorina* –sorriscou. Non tiña cariz de saber moito diso. Parecía máis un ligón de praia pasado de voltas, metade do camiño entre o *latin lover* e un mafioso xubilado.

—Mais, como? Aquí... aquí, illada?

Da gorxa rascou a carraspeira. De súpeto lembrei que todos os italianos saben de arte e historia ou, cando menos, manteñen as formas. Todos teñen algo que dicir ao respecto, se recibiron estudos como se non. E niso non xogan de farol...

—Non sempre foi illada, *signorina*. Os franceses que canonearon Xénova en tempos do Rei Sol, 1684, destruíron a casa *dell'Olivello*, e houbo logo que reconstruíla. Pero despois de 1900 remodelouse enteira esta zona e tiraron con case todo. A casa estaba pegada ao mosteiro das beneditinas, Santo Andrea e, xa ve, só deixaron ese claustro belísimo. Isto é o Vico Diritto di Ponticello, que os de aquí pronuncian *vicu drittu Puntexellu*.

—Ah, o señor non é de Xénova...

Non dixo nada. Logo tiña que seguir eu.

—Pero este Colombo, é seguro que era de aquí?

—De Xénova-Xénova? Non. Dalgunha vila dos arredores, mais en Xénova viviu.

Para despedirse veloz mais efusivamente dixo que se chamaba Giuseppe non-sei-que e desapareceu. El estaba seguro do que relataba. E non o fixera para me impresionar, visto en que xeito se esvaeceu.

Claro, todos eles están seguros. Levan moitos séculos repetíndoo. O que dominan por completo é o *marketing*. O meu

amigo Víctor Nogueira, historiador, estudoso dos pazos galegos e admirador da cociña francesa, ha de velo deste xeito en canto llo consulte:

—Aí teñen o mundo enteiro, Galiza, Francia e Portugal incluídas, comendo a todas horas esas pastas que non teñen sabor ningún e así cómpre facerlles un compango se non queres morrer de fastío. Ou o raio da pizza, que é unha empanada miseramente empobrecida, sen tapa e con tomate e, por riba, moito máis cara, con ser un simple derivado do pan. Son moi boa xente, cordiais e educados, mais danlle ao labio tanto canto queren, e do que contan non lles creo nin cuarta parte. Por crer, o tal Marco Polo, ese que antes de estar preso aquí dixo que chegara á China, dubido moito que saíra algunha vez das costas mediterráneas. Como é, se non, que non cita unha soa vez a Grande Muralla? Ben mirado, habendo como hai a presunción de que non procedía de Venecia-Venecia mesma, senón de Korčula, que era posesión veneciana na Dalmacia, ese puido dicir algunha verdade.

Aquí polo de agora non teño máis que ver. Se xorden dúbidas haberá próxima viaxe, non, Bergondo? De momento, razóns de proximidade convidanme ao salto a Córsega. O barco tómase a oeste de Savona, outro dos mil lugares onde eles din que o Cristóforo naceu.

6. Liguria

Á nao *Santa María* mudáralle o nome o propio Cristovo, que non está claro se o anterior foi *A Galega* ou *Marigalante*: diríase que este último é confusión coa nao capitá da segunda viaxe oficial dese señor ás Indias. Pola contra, moi pouco rompeu a compañía a cabeza por nominar este enorme *ferry* de case 200 metros, para poñerlle *Mega Express II*. Ao seu bordo teño tempo para ir repasando apuntamentos. O primeiro, por aproveitar a visita culminada, debe relacionar a proposta xeográfica feita polos defensores da orixe na rexión lígur, é dicir, a tese máis comunmente aceptada e a que o meu patrocinador quere someter a análise crítica.

Mais acontece que esa tese resulta moi pouco edificante, porque non propón un lugar concreto de nacemento, senón...

Na Liguria Fernando Colón, fillo de Cristovo, á procura da orixe certa de seu pai, conxecturalmente propón varios lugares en que puidera aquel nacer: Bogliasco –que cita como Bugiasco–, Nervi e Cogoleto, chamada Cugureo por Fernando, que alí procurou os parentes sen éxito. Un poema escrito por Lorenzo Gambara en 1581 desígnaa como vila natal de CC, e insiste no tema un Bernardo Colombo que en 1586 quixo pasar por descendente do Cristovo. Na via Rati hai unha **casa de CC**. Ou era de Albisola, segundo o pintor xenovés Emanuele. En Chiavari está o val da Fontanabuona. A familia Colombo constituíana *lanaioli* della Fontanabuona, e a tradición aínda concreta máis: eran os avós do Cristovo, que antes

de el nacer vivían na Terrarossa di Moconesi. Hai quen di que o navegante tamén **naceu alí, no interior chiavarés**. Ademais da tradición subsiste no lugar a casa natal do avó Giovanni Colombo: iso di un documento de 1429. De alí trasladáronse para Quinto, que se chama así porque dista cinco millas romanas (sete quilómetros) do centro de Xénova polo leste. Na aba do Monte Moro está a **casa natal de CC**. Aínda que por 1926 a converteron en palacete, conserva lápidas marmóreas con caravelas e o nome dos Colombo. En 1470 a familia mudou novamente, desta a Savona. Tamén houbo quen dixo que tal vila foi máis que unha mera estadia, porque **alí nacera CC** ou, cando menos, aló pasou parte da mocidade: a dominar hoxe o ancoradoiro de Valdo, conserva tamén a casa que a familia alugou no bairro de Valcalda da aldea de Legino, segundo documento de 1474. Mais neste mesmo ano viviu tamén en Noli e fixo os seus primeiros pinchacarneiros de mar. A tradición de que **CC nacera en Chiusanico**, castelanía de Monteroso (monte Arosio) no val de Oneglia, orixínase na laxe sepulcral duns Colombo de 1583 que está na parroquia de Santo Stefano, e mais logo descubriron documentos de arredor de 1500 que tamén o aseguraban. Aínda houbo quen afirmou que Cristovo **nacera en Finale Ligure** e mais en **Cosseria**.

Non só a Liguria: na Emilia-Romagna, se non viu primeira luz en Mòdena, que tamén puido ser, no Pradello, seis quilómetros de Bettola de Piacenza, permanece o edificio natal de Domènico, e seu fillo **Cristovo tamén naceu naquela casa-torre**. Tiña cinco andares, mais agora fica en pé pouco máis dun. A familia marcharía de alí para a Liguria a raíz dunha *razzia* dos Visconti. Non debe culpabilizarse ao Luchino Visconti, o director de cinema, que o apelido, por cabo, é máis ou menos xenérico, visconde en galego, que lles caería aos seus bastardos... Alén, ao leste de Verona, hai un Palestrello, mais ao postulalo como lugar natal do señor debeu haber confusión coa esposa de Colón, Filipa Perestrelo, adaptación do apelido italiano. No Piemonte está Cùccaro nel Monferrato, único sitio fóra de Xénova ao que lle recoñecen dereito para considerarse **lugar natal de CC** as resolucións de 1608 sobre a sucesión ao morgado de Colón.

A navegación leva catro horas, que o barco é veloz. Visto o relatorio anterior, só terei tempo de proseguir se non como. Saberei subtraerme ao engado da pasta? Lancette, lasagna e lasagnette, linguine, linguettine, lumache-lumachine-lumaconi, maccheroni e maccheroncini, mafalde e mafaldine... Talvez sexa a solución, o cadro aclaratorio. Mil aparencias distintas –unha soa feitura verdadeira. De levaren o mesmo compango, a min sábenme todos igual, mais a eles non. Seguro que invertemos os roles se falamos de tortilla de patacas. Máis valerá que non coma aquí.

Tampouco axuda moito a crer nos italianos a súa tradición. Tamén deu a roncha Colón despois de morto, mais cría eu que o enterramento dubidaba só entre Valladolid, Santo Domingo, Habana e Sevilla, e mais acabo de descubrir que o concello de Xénova, dentro do sinxelísimo nome do Palazzo Grimaldi-Doria-Tursi, garda cinsas de CC nunha urna.

As auténticas, ou?

7. Relación primeira de descartes, un a dez

Que, sendo a todas luces excesiva a colección de hipóteses que D. Beltrán Bergondo, graciosamente, deitou sobre as miñas sufridas costas, o que primeiro convirá será descartarse daquelas ás que lles non vexo mínima saída. En todo caso, o relacionalas neste folio con todo o que de cada unha sei chegará para, se ulteriormente atopo indicios sólidos sobre algunha, recorrer a esta listaxe de suprimidas e recobrala. Vai o repertorio:

Un. Nado en Sevilla, España, segundo suxería por 1625 Juan Solórzano y Pereira, fiscal do Consello de Indias. El só, sen base nin demostración ningunha.

Dous. Colón non só naceu en Oliva de la Frontera, provincia de Badajoz, senón que alí morreu e recibiu terra no adro da súa ermida da Virxe de Gracia, segundo o crego Adrián Sánchez Serrano, capelán en Roma. Fundamentaba tal tese na lectura que facía das inscricións gravadas en certas cadeas que CC conservou até a súa morte. Para el dicían cousas tales como «*nacín en Santa María de Valolliva. Bautizado no mosteiro del Olivar*», «*fun descubridor da India*», «*fun sacerdote de Xesús Cristo, misioneiro de predicadores: doado no retiro na festa da Trindade*». Mais os paleógrafos len as frases en xeito de todo diferente.

Tres. 1682: nun libro británico, *De Iuri Maritimo et Navali*, escribe Charles Mollow que CC era «*nacido en Inglaterra mais*

residente en Xénova» e, avergoñándose da súa patria, fíxose pasar por xenovés para aproveitar a sona da experiencia náutica da cidade. A hipótese sen demostración insinúaa modernamente o historiador Vidart. O sorprendente, sendo ingleses, é que non fixeron ningún outro intento. En Bristol vin unha estatua de John Cabot que o definía como auténtico descubridor de América. Valería mirado por un gringo, que só chama América aos States, que o outro é «The Americas»... Non sei se é teoría oficial no Reino Unido, mais si tese estendida que ao mundo lle deu a primeira volta Francis Drake, coñecido *amigo da Coruña*.

Catro. Francia: Jean Colomb, avogado, declárase descendente de CC en 1697, só porque en Savoia, Bordeos e Borgoña existía ese apelido.

Cinco. Ao escritor e patriota italiano Agostino Ruffini, exiliado –supoño que tras a fracasada conxura garibaldina de 1833–, acolleuno na súa casa un Colomb suízo, que lle asegurou ser descendente de CC e que este nacera en Xenebra en 1447.

Seis. Se houbo unha vez quen sostivese que o navegante se chamaba Kristófor Columbo e era croata –da Dalmacia veneciana da que xa tirei a Marko Pol ou Polo–, non atopei mención ningunha hoxe en día. O que procuran demostrar é que na primeira viaxe de Colón ían tripulantes croatas de Ragusa, hoxe Dubrovnik, e fan todo a través das relacións dos seus nomes, que cada vez me parecen máis inseguras.

Sete. Un armenio que tiña por apelido verdadeiro o de Gholumbian, invento da prensa de New York na década de 1930.

Oito. Un Christopher Bonde nacido en Hyen, Oeste de Noruega, que previamente, en 1477, desde Grenlandia realizou o predescubrimiento. O apelido significa ‘labrego’ e, xa que logo, en latín pode ser *Colonus*. A violenta situación existente entre Suecia e Noruega obrigáralo a fuxir, para se establecer en Xénova. A tese, formulada en 1991 polo noruegués Tor Borch Sannes, non achega proba ningunha.

Nove. Un danés ou noruegués chamado Jon Skolp foi a Islandia e Grenlandia por 1476/77 e acompañouno CC, dentro de comprobadas cooperaciónns entre os reis de Portugal e de Escandia para atopar un camiño á China polo Atlántico Norte. Aqueles que se obstinan en crer que CC non se chamaba Cristovo, senón Xoán, quixeron ver o seu nome deformado no tal Jon Skolp, latinizado «*Johannes Scolvus, pilotus*»; Scolvus, Colovus, Colonus colón. Alegría alegría. Alguén se entusiasmou e acrecentou que grazas a el Grenlandia pasara ás posesións do Duque de Moscová, e mais o malentendido todo debeuse a que onde puña *pilotus* un leu *polonus*, adapta outro o nome ao polaco como Jan Szkolno, e Polonia era de Rusia. Así, gratuitamente, aparécenme varios CC de orixe danesa, norueguesa, polaca e rusa. Nada teñen que ver co real –se é que houbo un, que xa o vou dubidando–, porque o tal Skolp é máis coñecido que o papa, que casou, como o irmán, cunha filla do rei Harald. Ben: seu irmán casara con outra filla, non os dous coa mesma. Parece que Colón, ao longo da súa concisa e ocultadora vida, continuou a citar esporadicamente a Noruega que lembraba daquela viaxe... Pensan uns que coa mesma chegou a desembarcar no continente americano do norte e que por iso ofertaría a nova viaxe de descuberta, con base segura, mais iso é outra historia que xa non me interesa, que o actual envurullo xa me chega ben.

Dez. Non teño firme a orixe desta teoría nin creo que a propuxeran en serio. En todo caso, ficou rexeitada desde o primeiro instante e non precisarei dar razón ningunha do porqué: CC era un indíxena americano, posibelmente da etnia maia, que accidentalmente chegou a Europa perdendo a súa nave. Xa que logo, a viaxe de descuberta consistiu en convencer os sucesivos reis ibéricos de que lle pagasen o billete de volta sen eses reis saberen o que andaban a facer. Ninguén ten que mo dicir: xa adiviño eu soíña a base fundamental da teoría, que descansa no esbozo que describe a Colón como «de pel vermella».

Igualmente non me molesto en tomar en consideración outras insinuacións sobre se sería búlgaro, ou porteño, ou unha muller disfrazada, fundamentalmente porque non lles atopei fontes.

8. Córsega, Calvi

Calvi pode parecerse algo a unha Coruña pequena, dous séculos atrás, coa Cidade Alta moi alta e murada, franqueada a Pescaría por unha torre medieval ao pé xusto do porto que, por ser mediterráneo e corso, ten moito máis iate que barco de pesca.

Pois alá na cidade alta hai tamén unha casa de Colón. Igual que a de Xénova e, aínda máis, como a de Poio, fica en ruínas. Tamén esta, mira ti casualidades, foi canoneada, no seu caso por Nelson cando aínda non era almirante, 1794, que os moi monárquicos británicos se opuñan á Revolución Francesa e querían montar vice-reinado en Córsega. Daquela a casa era propiedade do irmán máis vello do padriño de Napoleón. Será o destino paralelo de todas as casas de Colón a destrución polo canón? Non creo que se deba a iso o estar a do Porto Santo en ruínas, mais... Tamén había aquí un espontáneo informador.

—*Mademoiselle*: a verdadeira casa de Colón e non o que fixeron crer ao mundo eses farrapentos bardallas... Ben, saberá perdoarme, é todo por falar e todo unha leira, que non o dicía en serio. Vostede, é italiana?

—Non, non se preocupe.

Fora moi mala educación a súa por dicilo, aínda que no fondo pensaba eu igual. Igual? Non: eu nunca direi que **todos** os italianos son bardallas, aínda que en francés sexa parecido, *bavardeurs*. Só que a probabilidade de atopalos é superior entre

eles. Ben mirado, aquel vellote pertencía ao mesmo modelo que o señor de Xénova, Giuseppe... Giuseppe nonseiqué. Vestía con menos desenvoltura que o italiano, era igual de pequeniño, idade semellante e tamén podería clasificalo, todo superficial, todo por falar, puro tópico, dentro dalgunha mafia. Mais este, iso si, este... mafia marsellesa.

—Non se inquiete, non, non son italiana. Ofensivo non foi, mais... é que os franceses non gustan dos italianos? Non era tal a impresión que eu tiña...

—*Chère mademoiselle*, eu non son francés. O contrario só o di o meu pasaporte e asinaríao algún outro curso da historia, como o bo do Napoleón, traidor á Córsega pero defensor da democracia europea, que por algo naceu na primeira democracia deste continente, a corsa. Napoleón e mais o pasaporte dirán que son francés, mais eu síntome, primeiro de todo, corso, querida *mademoiselle*: nin francés nin xenovés, que nin os uns nin os outros fixeron nunca nada por esta illa malpocada. Nin Napoleón. Nin a nacionalidade francesa.

—E Colón?

—*Quoi?*

—Colombo, Coulomb, como se chama aquí?

—Si: calquera dos dous serve. Non sabe que dín que era xenovés? Córsega era de Xénova naquel tempo. Que pasaba por completo de nós, e seguiu varios séculos ao mesmo. Iso era o que tiña o Colón de xenovés, o ser de aquí.

—Xa, xa.

O vello debeu decatarse de que non lle daba creto ningún. E enganábase. Eu estaba ansiosa por que me contase algo novo, o que non estivese no libro que me pasara Bergondo e que aínda non tocara. Sería?

—Coido que nada disto a interesa. Sabe quen se esforzou máis por escurecer a verdadeira orixe deste señor de Córsega?

—...?

—Mussolini. O nacionalismo chauvinista italiano fascista. Por iso mandaron un comando que destruíu unha lápida.

Eeeh. Esa historia soaba moi familiar, e non en Calvi, de cuxo libro aínda non mirara unha soa liña.

—Obraron unha noite de 1930 ou así. Eran tres italianos que desembarcaran e logo desapareceron. Non falaban con ningún.

—Daquela, como sabe que eran italianos?

—O barco chegou de Italia e noutro tornaron ao mesmo lugar. Daquela a xente facía moi pouco turismo.

—Viuno vostede?

—Non!!! Non nacera! Contáronmo: déixeme acabar. O mármore branco tiña gravadas unhas imaxes de Colón, e destrozárono.

Caín! En Poio, a inscrición do cruceiro que alguén eliminou a buril. Puido ser a mesma época. Que estraño! Casualidade de máis. Quíxenllo contar. Talvez non debía delatarme, que daquela a información se convertería nunha enchente de datos en torrente sen a menor fiabilidade, mais tiña eu que largar. Non me prestou atención. Todo o contrario: sen dúbida molesto polo meu novo intento de intervir, despediuse.

—Marcel Casanova, mademoiselle. Até sempre.

Que raro todo. Que raro.